


LUPERCALIA

OS LUPERCOS NUS E AS CERIMONIAS DE FAUNO-PAN

Desde os lupercos ós peliqueiros, cigarróns, felos, borralleiros, troteiros e outros Entroidos.

As manifestacións do Entroido que ata hoxe coñecemos manteñen rituais e celebracións que nos remiten a formas e moldes moi antigos. Uns xiran arredor de preocupacións sociais (Saturnais: liberdade de escravos, regalos, banquetes), e outros arredor do que sería a base da economía pastoril: purificación e fecundidade, tanto de mulleres como do gando, e consecuentemente de preservación do gando dos animais silvestres hostís (Lupercalia).

Na terceira aurora que seguía ós idus (13) de febreiro (tendo en conta a contabilidade inclusiva, o 15 de febreiro) na cova Lupercal, no outeiro do Palatino, comezaba a festa co sacrificio dun cabrón e un can, ofrecíanse tamén tortas de fariña feitas polas Vestais con trigo da última colleita.



Seguía a esta cerimonia un ritual que relata Plutarco: “ Dous mozos patricios son conducidos ó lugar do sacrificio. Uns máchanlle a fronte de sangue co coitelo do sacrificio, mentres outros llo limpan con la mollada en leite, inmediatamente os mozos rompen a rir. Cumprida esta cerimonia, despois de facer tiras coa pel do cabrón sagrado, os lupercos corren espidos, cubrindo minimamente a cintura e azoutando a todo aquel que atopan no seu paso. As mozas non deben escapar ós seus azoutes xa que era crenza que son eles os que propiciarán a concepción e axudarán na hora do parto.

O termo ‘Lupercalia’ remítenos inevitablemente ó lobo (‘lupus’). Os primitivos habitantes do Lacio eran pastores, e o lobo para eles era un animal sagrado. Non


sorprende que as Lupercalia puidesen ser festas de preservación contra o lobo, de purificación das malas enerxías do ano que remata e de fecundidade dos rabaños (desexo de futuro no ano novo que se vaia abrir). Non está de máis lembrar que no antigo calendario romano, febreiro era o último mes do ano.

Estes aspectos quedan recollidos en moitos textos, desde Cicerón que tanto alude ó carácter primitivo e pastoril destas festas e como tamén nelas se producen desordes como nas bacanais (“nudus, unctus, ebrius, concianatus est”).

Así ía un lupercos: borracho, disfrazado, correndo e azoutando polas rúas, o que nos achega a moitos enmascarados tan nosos, como peliqueiros, cigarróns, felos, borralleiros, murrieiros, charrúas, irrios, troteiros...

Ata Ovidio (Fastos, II, 267 ss.), que atende especialmente á idea de ritual de fecundación:

“Pregúntasme por que corren, e por que se quitan a roupa e levan o corpo espido, ó mesmo deus Fauno-Pan gústalle correr polas altas montañas e sen razón algunha, como un tolo, foxe excitado. O propio deus corre sen vestidos e ordena que os seus ministros o fagan da mesma maneira, pois a roupa non era cómoda para a carreira.”



FAUNOS. PABLO RUIZ PICASSO

“A loba [que deu de mamar a Rómulo e Remo] deu nome á cova Lupercal [do ritual lupercal] e ós lupercos....”

“¿A que esperas, muller casada? Non serás nai polo poder das herbas, nin polas pregarias, nin por encantamentos máxicos. Recibe pacientemente os lategazos da destra fecundadora e o teu sogro terá o ansiado nome de avó. Pois houbo un tempo no que as esposas parían moi de tarde en tarde”.

“¿De que me serviu, gritaba Rómulo co cetro na man, raptar sabinas, se o único que me reportou foi unha guerra? Ó pé do monte Esquilino había un bosque co nome da gran

Xuno (Lucina), que ninguén tallara durante moitos anos. Cando chegaron alí maridos e esposas fincaron suplicantes os xeonllos no chan, de repente axítanse as copas das árbores estremecidas e a deusa deixou oír palabras sobre colledoras polo bosque adiante: ‘Que un cabrón sagrado penetre as nais itálicas’. A multitude congregada quedou pasmada, asustada con aquela ambigua mensaxe. Un augur etrusco, do que se perdeu o nome, sacrificou un cabrón, e as mulleres, como se lles mandara, ofrecían o seu lombo para que se lles azoutase coas tiras de pel do macho sacrificado. Pasadas nove lúas os maridos foron país e as esposas nais. Grazas a ti, Lucina. O bosque (‘lucus’) deuche o nome , ou quizais tamén porque ti es dona do principio da luz.”



PELIQUEIROS EN LAZA (OURENSE). Fot. Ana María Martínez

Estes rituais celebráronse en Roma ata que no ano 496 foron prohibidos polo Papa Xelasio por consideralos unha práctica supersticiosa, adoptando, pola forza do Cristianismo, outras denominacións como a Candeloria (festa das candeas e a luz), Santa Águeda (Patroa das mulleres lactantes), San Brais (Bendición do pan), San Valentín (Patrón das parellas casadeiras), se ben mantendo a intención de preservación do gando e fins de fecundación (flaxelación con fins fecundantes por homes con máscaras), celebracións que teñen unha similitude moi sorprendente en todo o espazo da romanización coincidente coa Europa cristiá.

“Durante moitos séculos, en todo o ámbito de Europa cristiá, desde o Nadal a Coresma, celebráronse as mesmas festas, fixas e móbiles. Durante séculos o período do Entroido comezaba , máis ou menos tacitamente, a partir do mesmo Nadal”. (Julio Caro Baroja. *El carnaval*)